

Facultade de Filoloxía e Tradución
Universidade de Vigo

Comisión de Calidade 21/07/2020

Acta da sesión ordinaria da Comisión de Calidade da facultade de Filoloxía e Tradución, celebrada o día 21 de xullo no Salón de Actos da Facultade de Filoloxía e Tradución do Campus Remoto da Universidade de Vigo.

Asistentes:

Presidencia

José Francisco Montero Reguera

Secretaría

María Seijas Montero

Sector profesorado

Inmaculada Báez Montero

Carmen Cabeza Pereiro (PDI)

Antonio Chas Aguión

Jorge Figueroa Dorrego

María Dolores González Álvarez

Lourdes Lorenzo García

Ana Luna Alonso (PDI)

Ana María Pereira Rodríguez

Maribel del Pozo Triviño

Fernando Ramallo Fernández

Antonio Rifón Sánchez

Alexandre Rodríguez Guerra

Nuria Yáñez Bouza

Desculpan ausencia

Ana Bringas López (PDI)

Non asisten

Raúl Manuel Pérez Álvarez (estudante)

Tania Souto Rodal (estudante)

Belén Otero Rey (PAS)

José Yuste Frías (PDI)

Ábrese a sesión ás 12:15.

Orde do día

1. Aprobación, se procede, das actas das sesións anteriores (sesión ordinaria de 23/07/19 e sesións extraordinarias de 25/05/20 e 26/06/20)

Apróbase por asentimento

2. Informe do decano

O decano informa das xestións realizadas polo decanato que continúan as feitas polo anterior decano, Luis Alonso Bacigalupe, que conducirán á incorporación dunha administrativa desde o mes de setembro para axudar a vicedecana de calidade no proceso de recertificación do SGIC. Informa tamén que o próximo venres, día 24, haberá unha Comisión de Calidade da Universidade de Vigo cunha orde do día que inclúe a actualización dos procedementos de orientación o estudantado, plan operativo de información pública, e satisfaccións das usuarias e usuarios. Asistirá en representación do centro a vicedecana de calidade. Informa a continuación dos problemas que se tiveron coa elaboración das guías docentes xa que nun primeiro momento puxeron un prazo moi curto. Desde o decanato enviouse un correo a Vicerreitoría de Ordenación Académica para ampliar o prazo e contestaron que o 15 de xullo era a data que estaba aprobada en Consello de Goberno e non se podía modificar. Porén, uns días despois o prazo ampliouse ata o día 23. Esta situación levou a desaxustes, pero o centro cumpriu todos os prazos no tempo inicial indicado. O decano agradece ás tres coordinacións de grao e a vicedecana de calidade o seu traballo e tamén a Anxo Docampo, que se decatou de erros na planificación horaria dalgunhas guías do grao en Tradución e Interpretación. Finalmente, o decano informa da incorporación á Comisión de Calidade dunha persoa titulada como figura no Manual do SGC e neste momento está a buscarse unha persoa que represente á sociedade.

3. Aprobación, se procede, das respostas ás alegacións e da memoria definitiva de modificación do Grao en Linguas Estranxeiras.

O decano informa que a memoria recibiu alegacións da Área de Grao e da Área de Calidade.

A directora da departamento de *Filoloxía Inglesa, Francesa e Alemá* sinala que se atenderon a maior parte das alegacións técnicas, pero, de acordo coa Área de Calidade, non atenderon dúas alegacións que teñen que ver co número de competencias e metodoloxías que figuran por materia porque suporía modificar todas as fichas. A directora lembra que esta é unha modificación puntual para permitir a confluencia dos 90 créditos entre os dous graos de FAGE e LE, non unha modificación por cuestión académicas ou por querer mellorar o título. Indica que poder ser que a ACSUG mande un informe, non só recomendando, senon pedindo que se fagan os cambios. Si se modificaron algunhas competencias transversais que coincidan coas xerais.

Apróbase por asentimento

4. Aprobación, se procede, das respostas ás alegacións e da memoria definitiva de verificación do Grao en Filoloxía Aplicada Galega e Española.

O decano informa que a memoria recibiu alegacións da Área de Grao e da Área de Calidade. Atendéronse todas, a maior parte eran cuestións técnicas que se

arranxaron con facilidade. Tamen sinala que entre a documentación está a memoria xustificativa e os informes de catro avaliadores externos, como lle suxeriron na reunión coa Secretaría Xeral de Universidades da Xunta de Galicia no mes de decembro de 2019. Pedíronse catro informes a persoas con longa traxectoria en xestión universitaria e académica, con catro sexenios e cinco quinquenios docentes: o decano da Facultade de Filosofía e Letras da Universidad de León, o catedrático de Filoloxía portuguesa da Universidad de Extremadura, Isabel Pérez Cuenca, catedrática e adxunta o vicerreitor de profesorado da Universidad San Pablo Ceu, e a un membro dunha das comisións avaliadoras da ANECA.

Apróbase por asentimento

5. Aprobación, se procede, das respostas ás alegacións e da memoria definitiva do Mestrado Interuniversitario de Español Lengua Extranjera (MIELE).

Apróbase por asentimento

O decano agradece o traballo das comisións para as reformas dos graos FAGE, LE e do Mestrado Interuniversitario de Español Lengua Extranjera.

6. Aprobación, se procede, das guías docentes dos graos CLEL, LE e GTI.

Sométense a aprobación as guías docentes dos tres graos da facultade. O decano agradece o esforzo aos coordinadores e coordinadoras dos títulos para que as guías estivesen en prazo. Apróbanse todas as guías por asentimento

7. Aprobación, se procede, das guías docentes dos mestrados MILA, MEIA, MTM, MTCL.

Sométense a aprobación as guías docentes dos catro mestrados da facultade. O decano agradece o esforzo aos coordinadores e coordinadoras dos mestrados para que as guías estivesen en prazo. Apróbanse todas as guías por asentimento.

8. Aprobación, se procede, das guías docentes das materias ODIE.

Sométense a aprobación as guías docentes das materias ODIE da facultade. Apróbanse todas as guías por asentimento.

9. Aprobación, se procede, do procedemento Xestión dos recursos materiais e dos servizos (Código IA01) en substitución dos procedementos PA07 e PA08.

A vicedecana de calidade explica que este procedemento foi enviado desde a Área de Calidade e substitúe o procedemento de *Xestión dos recursos materiais* que tiña como obxectivo actualizar os criterios de selección de recursos materiais e provedores, e o procedemento de *Xestión dos Servizos* que recollía o plan de actuación dos servizos permanentes do centro e os resultados dos servizos contratados. O obxecto deste novo procedemento, que ten unha duración de seis anos, é establecer os mecanismos que permitan garantir a dispoñibilidade e a adecuación dos recursos materiais e dos servizos previstos nas memorias de verificación das titulacións de grao e mestrado da Universidade de Vigo.

Apróbase por asentimento

10. Valoración final e aprobación, se procede, do Informe de Revisión do Sistema pola Dirección.

O decano agradece o traballo da vicedecana de calidade na elaboración do informe.

A vicedecana de calidade comeza pedindo desculpas pola demora na elaboración deste informe, unha circunstancia coñecida na Área de Calidade da Universidade de Vigo, e que estivo motivada pola crise sanitaria e polo importante volume de traballo ao que tivo que facer fronte o equipo decanal desde o mes de marzo. Tamén agradece ás coordinacións dos títulos da facultade a súa colaboración na elaboración do *Informe de Revisión do Sistema pola Dirección* do curso 2018-2019, pois todos os informes de seguimento das sete titulacións do centro foron entregados en prazo. Ademais, sinala que este curso a *Unidade de Análises e Programas* da Uvigo enviou á FFT datos das titulacións, modificados en relación aos remitidos inicialmente, cando xa estaban realizados os sete informes de seguimento das titulacións do centro. O cambio provocou malestar, unha sobrecarga de traballo innecesaria e certa desconfianza na información recibida. Deste feito deixouse constancia por escrito no informe.

Tras analizar toda a información relacionada co funcionamento do sistema de garantía de calidade e os informes dos diferentes títulos a vicedecana explica algúns aspectos a modo de conclusión xeral:

1. Con carácter xeral, destaca o traballo constante das coordinacións dos títulos ofertados na FFT, das coordinadoras do PAT, do PAS e do equipo decanal durante o curso 2018-19, logrando solucionar a maioría das peticións do estudantado e profesorado.
2. Dada a existencia dalgunhas queixas (este curso rexistráronse oito QSP, que foron adecuadamente atendidas e respondidas pola anterior vicedecana de calidade) relacionadas co cumprimento, en casos illados, das obrigas docentes é necesario retomar a elaboración e implantación dun procedemento para o seguimento e control da docencia, que é un dos rexistros dos distintos procedementos de calidade asociado aos centros, con base nun *Regulamento de cumprimento das obrigas docentes*. Isto facilitaría a resolución de queixas tanto ás coordinacións dos títulos e ao equipo decanal como ao propio profesorado.
3. A forte aposta da FFT pola internacionalización é evidente no número de estudantes estranxeiros que recibe cada ano (198 no curso 2018-19, dez máis que o curso pasado), moi por encima do resto dos centros da Universidade de Vigo, no número de profesores visitantes baixo programas de intercambio, e na oferta de materias fóra dos planos de estudo dos graos co fin de ampliar o abano de materias para os estudantes estranxeiros (ODIE), un dos poucos centros que as ofrece. Porén, a diferenza entre o estudantado entrante (198) e saínte (83) non se ten en conta pola reitoría á hora de calcular o número total de estudantes do centro e das diferentes materias, algo que se solicita, unha vez máis, negociar coa reitoría.
4. En canto os resultados de participación do estudantado nas enquisas de satisfacción coas titulacións obsérvase unha baixa implicación do estudantado nas enquisas, pois salvo no grao de Tradución e Interpretación (combinación español/francés) e no *Mestrado Interuniversitario en Lingüística Aplicada* a participación diminuíu con respecto ao curso 2017-18. Ademais, no caso do MILA, a participación na enquisa non serve para

medir o índice de satisfacción xeral pois só respondeu unha estudante. Xa que logo, é necesario fomentar accións de comunicación co estudantado para animalo a participar nas enquisas.

5. Polo que respecta á valoración dos títulos polo estudantado, condicionados pola baixa participación, os resultados son máis positivos, pois supérase o tres en case todas as titulacións de grao e mestrado. De todos os xeitos, algúns dos factores que xa xeraban descontento entre o estudantado seguen estando presentes en 2018-19, polo que é necesario atender aos aspectos peor valorados: diferente distribución da carga de traballo en cuatrimestres, orientación ao estudantado -sobre todo no relativo á empregabilidade-, ou a utilidade da información sobre a titulación transmitida por plataformas de teledocencia, taboleiros e pantallas audiovisuais.
6. No apartado de persoas titutadas o índice xeral de satisfacción é de 3.38 coincide, polo tanto, co promedio da Universidade de Vigo, pero é superior aos resultados obtidos no ámbito humanístico (3.34). Tamén é moi positivo a porcentaxe de participación (47.18%) fronte ao promedio da Uvigo (35.06%) e do ámbito humanístico (44.67%).
7. A valoración do programa PAT nas enquisas de satisfacción, aínda que é máis positivo nalgúns graos no curso 2018-19, segue sendo susceptible de mellora polo que é necesario valorar se sería oportuno voltar ao modelo no que había un grupo maior de titores ou ben reconsiderar o PAT. Aínda que tamén é certo que a baixa participación do estudantado nas esquisas de satisfacción non pode ser indicativo de como funciona o PAT, polo que hai que traballar para animar ao estudantado a participar e poder obter datos fiables.
8. É importante destacar as boas valoracións que, en xeral, recibe o profesorado da Facultade de Filoloxía e Tradución dos graos e mestrados (4.21), superior á media da Universidade que é 3.92.
9. O desenvolvemento da materia TFG non é satisfactorio, como se ven recollendo nos informes de seguimento das titulacións do noso centro nos últimos anos. De feito, obsérvase unha tendencia no estudantado a non presentarse ás convocatorias de avaliación, o cal ten un efecto negativo nas taxas da titulación, especialmente na taxa de graduación. O mesmo ocorre cos TFMs pois non todo o estudantado presenta o traballo na convocatoria do curso correspondente e a taxa de graduación non acada a meta de calidade. De todos os xeitos, o novo regulamento do TFG e TFM foi aprobado polo Consello de Goberno en decembro de 2018, pero non entrou en vigor ata o curso 2019/20 polo que haberá que analizar os resultados o ano que vén e observar a evolución da taxa de graduación.
10. O estado das accións de melloras do Informe elaborado o curso pasado reflicte que a maior parte delas están feitas ou completadas parcialmente.
11. Necesítase apoio administrativo para as labores de calidade e de posgrao, que son asumidas en grande parte polo PDI, sobre todo, para a recompilación de datos, realización de táboas e gráficas ou organización dos rexistros de calidade (evidencias) na aplicación informática do Sistema de Garantía Interna de Calidade da facultade. Esta figura administrativa estable contribuiría notablemente á mellora da xestión dos diferentes procesos de calidade desenvolvidos no centro, xa que descargaría ao vicedecanato de Calidade e os coordinadores e coordinadoras de mestrado

dos aspectos administrativos, para que se poidan centrar nos aspectos académicos.

En base a estas conclusións a Comisión de Calidade acorda:

1. Implementar as melloras propostas para o próximo curso académico.
2. Manter os obxectivos de calidade da Facultade de Filoloxía e Tradución.
3. Incrementar a difusión entre o estudiantado de 3º curso e de mestrado da necesidade de participar nas enquisas de satisfacción das titulacións da FFT para coñecer os problemas e implantar accións de mellora.
4. Avaliar se a modificación do plano de orientación académica foi axeitada ou ben reconsiderar o Plan de Acción Titorial do centro.
5. Solicitar, a través do administrador do centro, apoio administrativo para o vicedecanato de calidade e para as coordinacións dos títulos, nomeadamente para as coordinacións dos mestrados.
6. Planificar en colaboración co novo *Vicedecanato de Comunicación, Captación e Diversidade* da Facultade unha campaña de captación de estudiantado para as titulacións da FFT.
7. Reclamar que se teñan en conta os estudantes Erasmus no cálculo de estudiantado por grupo para a elaboración da PDA.

Toma a palabra o decano e insiste en que hai que facer un escrito á *Vicerreitoría de Responsabilidade Social, Internacionalización e Cooperación* solicitando que se teña en conta o estudiantado internacional que chega a FFT no cálculo por grupos para a elaboración das PDA. Tamén considera que se debe solicitar á *Vicerreitoría de Ordenación Académica e Profesorado* e o reitor o recoñecemento formal dos coordinadores e coordinadoras como cargos académicos.

Apróbase por asentimento

11. Rogos e preguntas

Ábrese unha rolda de intervencións.

A directora do departamento de *Filoloxía Inglesa, Francesa e Alemá* quere deixar constancia do seu malestar porque o decanato e o departamento recibiron un escrito notificando a modificación de oficio das cualificacións de tres materias deslaxando as decisións e profesionalidade de catro profesoras do departamento. Son dúas materias do GTI e unha do grao en LE nas que a media das notas este ano foi inferior a dos cinco anos anteriores. A nota é modificada de oficio pola Universidade de Vigo. Pediron informes, pero non vinculantes. A directora de FIFA enviou unha carta a Vicerreitoría de Estudantes e solicitou ás profesoras agraviadas informes que fixeron puntualmente. Considera que esta cuestión é vergoñosa, ademais as docentes implicadas teñen unhas medias de avaliación do estudiantado superior a media da facultade e do departamento. Enviou unha carta, un informe técnico, e os informes das profesoras a vicerreitoría. Pregunta se a Comisión de Calidade debe opinar ou non sobre este asunto. Tamén explica que o Consello de Goberno propuxo facer isto a finais de abril, pero indica que sen analizar as causas non se debería aplicar de oficio.

Toma a palabra a coordinadora do grao en Linguas Estranxeiras apoiando as palabras ditas pola directora de FIFA. Pregunta se hai algunha normativa na que se diga que todas as probas orais deben ser gravadas porque hai profesorado que non

quere facelo. Tamén pide á vicedecana de calidade que faga unha queixa formal á *Vicerreitoría de Ordenación Académica e Profesorado* sobre como sucedeu todo o procedemento das guías docentes este curso e o mal funcionamento da plataforma Docnet.

Toma a palabra o director do departamento de *Filoloxía Galega e Latina* e agradece o equipo decanal as xestións feitas a propósito dos problemas derivados da desaparición en moitas convocatorias da Xunta de Galicia e da Academia Galega do grao en CLEL. Tamén subliña o inmeso traballo das coordinacións dos graos da facultade, e sinala que os problemas con Docnet veñen de moitos anos atrás; quere que conste a sorte que temos coas coordinacións da facultade. Finalmente, sinala que a Universidade debe ter en consideración todos os informes que se poidan presentar con respecto ás materias nas cales se modificaron as notas e analizar caso por caso.

A directora de FIFA volve a pedir a palabra para dicir que as materias teñen moitos aprobados, e di que as normas hai que cumprilas, pero si as vicerreitorías deciden cumprir ao pé da letra ás normas, debe facerse con todo. É dicir, se durante todo este período houbo queixas de algúns profesores e profesoras sobre presuntos incumplimentos, como mínimo, se se investiga ao profesorado se faga con todos.

A vicedecana sinala que efectivamente o Consello de Goberno aprobou esa medida e manifesta a súa disconformidade.

O decano confirma que aplican unha norma aprobada en Consello de Goberno que tampouco comparte, pero que é lexitima. Tamén indica que o decanato fixo un informe moi negativo sobre a aplicación desa norma que foi enviado a vicerreitoría correspondente. Sobre Docnet e os prazos para a elaboración das guías docentes, sinala que se fará un escrito de queixa. De feito, en canto aos prazos o decano pediu unha ampliación a vicerreitoría que foi rexeitada. Tamén, respondendo á cuestión exposta pola coordinadora de Linguas Estranxeiras, aclara que non hai normativa específica para gravar as pobras orais, polo que non se pode obrigar ao profesorado a facelo. Por último, explica que o anterior decano e o que foi director de Área de Calidade, o profesor Clemente, xa fixeran xestións coa Xunta para que se tivera en conta ao grao de CLEL nas distintas convocatorias. Finalmente, o decano sinala que xa informou o reitor para que faga as xestións oportunas para que o grao de CLEL se teña en conta como calquera outro grao de filoloxía galega ou española do Sistema Universitario Galego.

Sen máis asuntos que tratar levántase a sesión as 13:23

Vigo, 21 de xullo de 2020

Visto e prace do Decano

A secretaria (Vicedecana de calidade)



José F. Montero Reguera

María Seijas Montero

DILIXENCIA

Para facer constar que esta acta foi aprobada na Comisión de Calidade ordinaria do 21/12/2020

A/O Secretaria/o da Comisión de Calidade



María Seijas Montero